



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO E APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS.

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece no seu artigo 3 que se delega na persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade a formalización de acordos e convenios en materias propias do seu ámbito competencial.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder as recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei, mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), como entidade sen ánimo de lucro, que loita pola visibilización do papel das mulleres no medio rural, apostando





pola igualdade e o progreso das mesmas como ferramenta fundamental de integración e mellora da súa posición na sociedade. Integra a diferentes asociacións de mulleres rurais de ámbito local e comarcal e está composta por 57 asociacións de mulleres rurais. Entre as súas finalidades, entre outras, atópase a de loitar contra as situacións de desigualdade e contra a violencia de xénero; Leva a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural, entre elas a mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de información e formación nas que sempre e de xeito transversal se atopa presente o enfoque de xénero.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é reforzar o apoio social ás mulleres do rural, en especial ás vítimas de violencia de xénero, con accións de difícil encaixe nos servizos públicos, a través das cales preténdese acadar unhas maiores habilidades sociais, autoestima e empoderamento para as mulleres, tendo presente e considerando en todo momento os matices que a violencia de xénero adquire no rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

(P.D. Resolución do 08/06/2020,DOG núm.111 do 09/06/2020)

A directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Natalia Prieto Viso

